

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

EXPEDIENTE: 334/21

PROMOTOR: CONCELLO

INTERVENCIÓN: Mellora de pavimentación de vías en Vilar de Abaixo

CONCELLO: SANTA COMBA

ANTECEDENTES

1. O día 05.05.2022, entrada 31396/RX 1204654, o concello remite nova solicitude xunto cunha copia do proxecto que leva por título "*Proyecto de mejora de pavimentación de vial en Vilar de Abaixo - Parroquia A Pereira - Concello de Santa Comba*", redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas Víctor Domínguez Serantes en febreiro de 2022.

Este expediente iniciouse cunha solicitude de autorización, remitida polo concello, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o día 04.02.2021 (entrada 8330/RX 211021), xunto cunha copia do "*Proyecto de mejora de pavimentación de vial en Vilar de Abaixo - Parroquia A Pereira - Concello de Santa Comba*", redactado polo enxeñeiro industrial Jesús Manuel Mallo Puga, en xaneiro de 2021.

Con data 13.04.2021, o xefe do Servizo de Coordinación Cultural asinou, por delegación de competencias, unha resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en adiante DXPC) pola que se autorizaban as obras coas seguintes condicións:

- "*Unificárase o pavimento das dúas zonas nas que se subdivide a intervención, utilizando o mesmo acabado de pavimento por diante da igrexa e cemiterio que o proposto para o camiño que pasa por diante das casas.*
- "*O formigón ficará ou ben na súa cor natural, ou ben, e preferiblemente, coa tonalidade natural que resulte dos cantos rodados da capa superficial dun formigón lavado.*
- "*Con carácter previo ao inicio das obras no contorno de protección da igrexa e reitoral, deberá achegarse un proxecto de control e seguimento arqueolóxico para a súa autorización.*
- "*As obras non poderán empezar en tanto non sexa autorizado o proxecto de control arqueolóxico.*
- "*Á vista dos resultados da actuación arqueolóxica, poderán modificarse as condicións da autorización das obras.*
- "*Posteriormente, no prazo máximo de seis meses, contados a partir do momento no que se rematen as obras, achegarase a esta Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha reportaxe fotográfica da intervención no contorno da igrexa*".

Con data 10.03.2022, entrada 15773/RX 630288, o Concello de Santa Comba achega unha nova solicitude relativa a este expediente ao que anexa, por erro, unha copia do proxecto titulado "*Proyecto de mejora pavimento asfáltico en vial municipal entre los núcleos de Vilamaior y Negreira*", redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas Víctor Domínguez Serantes, e datado en febreiro de 2022.

.../..



..../...

Exp. 334/21

2. Consta no expediente informe da arqueóloga e da arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Coruña no que se sinala que:

“...A descrición das obras do novo proxecto achegado coincide coas descritas no proxecto xa autorizado. É dicir, programase as obras de reparación e mellora do camiño asfaltado que pasa por diante a igrexa e substituír o pavimento actual de formigón en masa do núcleo de vivendas, por un novo pavimento de formigón pero rebaixando a rasante do actual para adaptalo á cota de entrada das vivendas. Executase tamén unha rede de saneamento soterrada.

En consecuencia, as obras poden ser informadas favorablemente manténdose as condicións anteriormente fixadas, é dicir:

- *Unificarase o pavimento das dúas zonas nas que se subdivide a intervención, utilizando o mesmo acabado de pavimento por diante da igrexa e cemiterio que o proposto para o camiño que pasa por diante das casas.*
- *O formigón ficará ou ben na súa cor natural, ou ben, e preferiblemente, coa tonalidade natural que resulte dos cantos rodados da capa superficial dun formigón lavado.*
- *Con carácter previo ao inicio das obras no contorno de protección da igrexa e reitoral, deberá achegarse un proxecto de control e seguimento arqueolóxico para a súa autorización.*
- *As obras non poderán empezar en tanto non sexa autorizado o proxecto de control arqueolóxico.*
- *Á vista dos resultados da actuación arqueolóxica, poderán modificarse as condicións da autorización das obras.*
- *Posteriormente, no prazo máximo de seis meses, contados a partir do momento no que se rematen as obras, achegarase a esta Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Educación, unha reportaxe fotográfica da intervención no contorno da igrexa.”*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A obra que se pretende executar está situada no contorno de protección dos seguintes bens que figuran no catálogo do PXOM e/ou no catálogo do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia:
- Clave 15077_9562, Igrexa parroquial de Santo Andrés da Pereira.
 - Clave 15077_9563, Casa reitoral de San Andrés da Pereira.

De acordo co disposto nos artigos 8 e 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, os bens, que polo seu interese cultural están recollidos individualmente nun instrumento do planeamento urbanístico, teñen a consideración de bens catalogados.

2. Ao situarse a intervención no contorno de protección de bens do patrimonio cultural de Galicia, segundo o artigo 39 e conforme co 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, precisa de autorización previa da consellería con competencias en patrimonio cultural.
3. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

..../..



..../...

Exp. 334/21

- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- As demais normas de aplicación, en particular a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado e no exercicio da competencia que me atribúe a Resolución do 2 de decembro de 2020, pola que se delega no titular do Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de A Coruña o exercicio de determinadas competencias (D.O.G. 17.12.2020); o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

RESOLVO

Autorizar as obras solicitadas coas condicións que figuran no informe dos servizos técnicos, polo que deberase presentar un proxecto de control e seguimento arqueolóxico, non podendo comezar as obras en tanto non sexa autorizado dito proxecto e debendo achegar unha vez rematadas as obras, e no prazo de seis meses, unha memoria final das obras executadas de acordo co indicado no antedito informe.

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente.

A Coruña, asinado electronicamente polo xefe do Servizo de Coordinación Cultural.
Severino Álvarez Monteserín

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante o Secretario Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.